

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA
VINTE E SEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO: - - - - -**

=====

PRESIDENTE:

D. Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

D. Juan Antonio Deza Otero
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Rafael Domínguez Piñeiro
D^a María Deza Martínez
D. Marcos Guisasola Padín
D^a Silvia Freire Fernández
D. Alfonso Rea Pérez
D. Gonzalo Gonzalo Pita
D. José Daniel Fernández Piñeiro
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. Maximino González Miniño
D^a M^a del Coral González-Haba Pérez
D. Roberto Carlos Agís Balboa
D^a Vanessa Rodríguez Búa

INTERVENTOR XERAL:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Angel Luis López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e seis minutos do día vinte e seis de novembro de dous mil dezaoto, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ,** reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria e urxente da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----



ACTAS ANTERIORES:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS O 24 DE SETEMBRO, 5 DE NOVIEMBRE E 16 DE NOVIEMBRE DE 2018. Polo Sr. Presidente preguntáse aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, indicou que, ao non asistir á sesión celebrada o día 5 de novembro, absteríase sobre a acta desa sesión e, respecto da sesión celebrada o 24 de setembro de 2018, fixo as seguintes puntualizacións:

Na votación do punto primeiro da referida sesión, constan 16 votos, faltando na descrición dos que votaron a favor, o seu voto neste sentido.

Na intervención súa, que figura na páxina 186, debería engadirse ao remate, a súa postura de que as medidas deberían estar xustificadas.

Na páxina 11, rogo número 5º), debería deixarse constancia de que os incentivos económicos tiñan que ser a cambio da entrega de envases de vidro, porque por estes xa pagaron anteriormente.

A Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita, fixo constar que a derradeira sesión transmitíuse sen son, explicando o Sr. Secretario que o sistema non recollía a voz.

A continuación o Sr. Presidente someteu a votación os borradores das actas das sesións celebradas o 24 de setembro de 2018, coas puntualizacións apuntadas polo Sr. Agís Balboa, o 5 de novembro de 2018 e o 16 de novembro de 2018, resultando aprobadas por unanimidade, agás a da sesión do 5 de novembro de 2018, na que o Sr. Agís Balboa abstívose, polo que esta acta aprobouse por maioría absoluta dos membros de dereito da corporación (votos a favor de todos os concelleiros/as, agás a abstención do Sr. Agís Balboa).-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

2º) PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE FACENDA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE MATADOIROS, LONXAS E MERCADOS, ASÍ COMO A CARREXA DE CARNES, SE HOUBERA DE EMPREGARSE DE XEITO OBRIGATORIO E SERVIZOS DE INSPECCIÓN EN MATERIA DE ABASTOS, INCLUÍDA A UTILIZACIÓN DE MEDIOS DE PESAR E MEDIR. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 21 de novembro de 2018.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, indicou que se trataba dunha modificación da ordenanza, puntual e con carácter retroactivo, ao 1 de xaneiro de 2018.



O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que este asunto veu en setembro e agora volve de novo, polo que entende que, á parte da retroactividade, existen variacións na proposta, puntualizando o **Sr. Guisasola Padín** que na anterior proposta non se especificaba que era por cada metro ou fracción e é mellor aclaralo.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita**, aludiu que no goberno anterior e respecto da reciclaxe “sandach,” xa estaba feito o traballo para proceder a súa contratación e no goberno actual non se realizou nada respecto diso.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, observou que se estaban a traer dúas ou tres veces asuntos ata que se corrían e, dado que isto supoñía unha perda de tempo, debía prestarse máis atención a súa redacción.

O **Sr. Guisasola Padín** sinalou que se equivocaba o que facía algo e que a oposición actual, nos dous anos anteriores, non trouxo nada.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, logo de anunciar o seu voto favorable á proposta, porque entendía que canto máis se expliciten as cousas, mellor sería para todos, sinalou que esta era unha corrección á maiores, cando o ideal era que xa viñese especificado antes.

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: modificar o anexo de tarifas do apartado segundo:

Recollida selectiva de materia orgánica por cada posto fixo	9,00 euros/mes
Recollida selectiva de materia orgánica por cada metro ou fracción de bancada lineal	3,60 euros/ mes

Ditas tarifas terán carácter retroactivo ao 01.01.18.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.18.”-----



3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE COMPLEMENTO A PRESTACIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL NO CASO DAS CONTINXENCIAS DE INCAPACIDADE TEMPORAL CON MOTIVO DO ESTABLECIDO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL 54ª DOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO DO ANO 2018. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais do 21 de novembro de 2018.**

O Sr. **Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que no ano 2012, na época da crise, o goberno eliminou a posibilidade de que os empregados públicos cobrasen o cento por cento, no caso de incapacidade temporal, agora dáse a potestade ás administracións públicas de chegar ao cento por cento, en base á lei de presupostos do 2018, feita no período de goberno do PP no Estado, polo que se presenta esta proposta para a súa aprobación.

A Sra. **Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, anunciou o seu voto a favor, debido a que, se esta limitación, realizada coa crise, agora podíase repoñer, era moito mellor.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou que se trataba dunha proposta para recuperar parte do perdido polos empregados públicos, cando o Partido Popular non está, en cambio, pola labor de corrixir medidas laborais que atentaron contra os dereitos dos traballadores, nin emendar os recortes masivos realizados na súa época de goberno.

O Sr. **Guisasola Padín** dirixiuse ao anterior interviniente, indicándolle que podía falar coa Deputación Provincial de Pontevedra, posto que este acordo tamén se pode tomar alí.

O Sr. **Otero Domínguez** sinalou que tamén o Sr. Guisasola Padín podía falar con quen considerase oportuno, mesmo coa Deputación Provincial, pero que unha cousa non quitaba a outra.

O Sr. **Guisasola Padín** especificou que na Deputación Provincial de Pontevedra gobernan o PSOE e o BNG e, en cambio, non aplican esta posibilidade, permitida polo presuposto do 2018, presentado polo Partido Popular.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. **Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“-Complementar as prestacións de todo o persoal (laboral e funcionario) do Concello e Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo ata o 100%, quedando da seguinte maneira:

CONTINXENCIAS COMÚNS:

- **Tres primeiros días:** Abonarase o 100% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior a causar a baixa (complementábase nun 100%).

- **A partir do cuarto día e ata o vixésimo:** Abonarase o 100% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior a causar a baixa (ámbolos dous inclusive), supoñendo isto que o Concello, OOAA e EEMM complementarían dende o 60% ata o 100% (un 40%).

- **A partir do vixésimo primeiro día:** Abonarase o 100% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior a causar a baixa (complementa a administración nun 25%).



CONTINXENCIAS PROFESIONAIS:

- **A partir do primeiro día o 100%** das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior a causar a baixa (complementa a administración nun 25%).

EFECTOS: Entrarán en vigor ditas medidas a partires do 01 de xaneiro de 2019, non afectarán ós empregados públicos que a entrada en vigor do Real Decreto Lei se encontren en I.T.”-----

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA MODIFICACIÓN DO “I ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO” SEGUNDO REQUIRIMENTO DA XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DO SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do **21 de novembro de 2018.**

O Sr. **Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular,** explicou que se trataba de modificar dous artigos do convenio xa aprobado, en relación cunhas alegacións da Consellería de Emprego da Xunta de Galicia e que, agora, se traen, despois da adaptación ao sinalado polo organismo autonómico e de levar o asunto á mesa de negociación.

A Sra. **Rodríguez Búa, concelleira non adscrita,** indicou que parecía que esta modificación realizábase a instancias da Xunta de Galicia, pero para evitar que este asunto teña que vir outra vez é polo que aludiu a que faltaba no acordo a referencia ás táboas salariais.

O Sr. **Guisasola Padín,** manifestou que se falou co técnico da Xunta de Galicia, sobre as modificacións ao convenio e deulles o visto e prace.

A Sra. **Rodríguez Búa** aludiu a que debería entenderse, á vista do sinalado polo anterior interviniente, que verbalmente lle indicaron que non había que mandar as táboas salariais, porque, senón, por qué non se traen a este pleno.

O Sr. **Guisasola Padín** especificou que o convenio non negocia salarios, falouse cos técnicos da Xunta e non era obrigatorio mandar as táboas, polo que non debería preocuparse.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. **Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: modificar o artigo 13 do “I ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO”, aprobado polo **Concello Pleno** en sesión de **12 de xullo de 2018,** no seguinte senso:

Artigo 13º.-Comisión Paritaria de control e seguimento do Convenio colectivo.

13.1. Control e seguimento.



4) Ter coñecemento e informar das modificacións que poidan derivarse de cambios normativos ou de acordos ou pactos subscritos entre as administracións públicas e os sindicatos.

6) Ter coñecemento e informar das modificacións para asegurar a non discriminación da muller, controlando a igualdade de trato, os posibles abusos, agresións de orde sexual, laborais, físicas ou psíquicas.

7) Ter coñecemento e informar das modificacións para impedir a realización de toda conduta abusiva ou calquera tipo de agresión laboral, física ou psicolóxica que se realice de xeito sistemático sobre un/ha traballador/a, manifestada especialmente a través de reiterados comportamentos, palabras ou actitudes que lesionan a dignidade ou integridade psíquica deste e que poñan en perigo ou degraden as súas condicións de traballo.

13.2. Réxime de funcionamento.

12) Nos supostos de discrepancias no seo da Comisión Paritaria procederáse á aplicación do disposto a tal efecto no Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo.

SEGUNDO: modificar a Cláusula Adicional Quinta do “I ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO”, aprobado polo Concello Pleno en sesión de 12 de xullo de 2018, no seguinte senso:

Cláusula Adicional Quinta.

Serán de aplicación ao persoal afectado por este Acordo Regulador as modificacións que se deriven de cambios normativos ou de acordos ou pactos subscritos entre as Administracións Públicas e os Sindicatos que sexan de aplicación.”-----

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA MODIFICACIÓN “CONVENIO COLECTIVO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO” SEGUNDO REQUIRIMENTO DA XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DO SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 21 de novembro de 2018.

Ao non se producir intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: modificar o artigo 13 do “CONVENIO COLECTIVO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO”, aprobado polo Concello Pleno en sesión de 12 de xullo de 2018, no seguinte senso:

Artigo 13º.-Comisión Paritaria de control e seguimento do Convenio colectivo.

13.1. Control e seguimento.



4) Ter coñecemento e informar das modificacións que poidan derivarse de cambios normativos ou de acordos ou pactos subscritos entre as administracións públicas e os sindicatos.

6) Ter coñecemento e informar das modificacións para asegurar a non discriminación da muller, controlando a igualdade de trato, os posibles abusos, agresións de orde sexual, laborais, físicas ou psíquicas.

7) Ter coñecemento e informar das modificacións para impedir a realización de toda conduta abusiva ou calquera tipo de agresión laboral, física ou psicolóxica que se realice de xeito sistemático sobre un/ha traballador/a, manifestada especialmente a través de reiterados comportamentos, palabras ou actitudes que lesionan a dignidade ou integridade psíquica deste e que poñan en perigo ou degraden as súas condicións de traballo.

13.2. Réxime de funcionamento.

12) Nos supostos de discrepancias no seo da Comisión Paritaria procederáse á aplicación do disposto a tal efecto no Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo.

SEGUNDO: modificar o artigo 20 do “CONVENIO COLECTIVO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO”, aprobado polo Concello Pleno en sesión de 12 de xullo de 2018, no seguinte senso:

Artigo 20º.-Solución extraxudicial de conflitos colectivos.

20.5. As discrepancias que poidan xurdir para a non aplicación das condicións de traballo a que se refire o artigo 82.3 do Estatuto dos Traballadores resolveranse segundo o establecido no Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo.

TERCEIRO: modificar a Cláusula Adicional Novena do “CONVENIO COLECTIVO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO”, aprobado polo Concello Pleno en sesión de 12 de xullo de 2018, no seguinte senso:

Cláusula Adicional Novena.

Serán de aplicación ao persoal afectado por este Convenio Colectivo as modificacións que se deriven de cambios normativos ou de acordos ou pactos subscritos entre as Administracións Públicas e os Sindicatos que sexan de aplicación.”-----

6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DA ADDENDA Nº 1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A “URBANIZACIÓN DA RÚA PROGRESO (PO-308) EN SANXENXO”. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 21 de novembro de 2018.



O **Sr. Fernández Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, indicou que era materialmente imposible executar os 900.000 euros previstos no convenio no ano 2018, polo que se rectifica o convenio, para que se poña toda a achega da Xunta no ano 2019, agás 50.000 euros.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, esperaba que fosen capaces de gastar todo este diñeiro no ano que vén.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita**, manifestou que no goberno tripartito redactouse o proxecto desta obra e foi no goberno actual, en marzo de 2018, cando se asinou o convenio, facendo constar que non se fai isto polo cambio de alcalde, xa que se iniciou no goberno anterior.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, alegou que o visible é que se orzamentan cousas que logo non se executan, todo se basea en compromisos que despois hai que adaptar á realidade presupostaria, algo moi corrente na Xunta de Galicia e que, desde logo, non é unha forma seria de facer as cousas, dubidando de que o 70% da achega da Xunta de Galicia estivese realmente comprometido.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, deu lectura a unha mensaxe por whatsapp, de data 6 de setembro de 2016, dirixido a súa persoa pola Sra. González-Haba Pérez e que, a continuación, se transcribe literalmente a petición do interviniente:

“Hola Gonzalo y David, os avisé que teníamos que hablar. Hoy David estabas de muy mal humor y con malas formas, intervención es un caos, se me cargan a playas y jardines cosas que yo no he hecho propuesta de gasto. Ya os avisé que yo ni he estado cómoda ni lo estoy y cada vez menos. Compañeros de gobierno del BNG me van poniendo a caer de un burro. Estoy sin dinero en mis partidas, no cuento con personal de la Diputación...yo qué hago aquí? Sostener un gobierno? Para lucimiento de SALy BNG, va a ser qué no!! contaré todo.”

A **Sra. González-Haba Pérez** aludiu a que tamén ela podía traer mensaxes de whatsapp e que o Sr. Gonzalo Pita cedeu a alcaldía en prexuízo dos veciños de Sanxenxo.

O **Sr. Gonzalo Pita** deu a continuación lectura a unha serie de investimentos da época do goberno actual e que se transcriben literalmente a petición do interviniente:

“400.000 euros Parque Panadeira; 1.800.000 euros urbanización de O Revel; 4.100.000 euros colexio de Vilalonga; 1.900.000 euros Pazo de Quintáns; 1.500.000 euros cultural de Vilalonga; 2.500.000 euros rúa Progreso, aproximadamente 4.000.000 euros para a PO-308 (tramo que falta de Major-Portonovo); recepción do Polígono de Nantes e aproximadamente todos os investimentos alcanzan a cantidade de 16.200.000 euros”.

O concelleiro no uso da palabra indicou que o seu interese era ser útil para os veciños e os datos anteriores así o demostraban, ademais rectificou á anterior inteviniante, no sentido de que o goberno anterior non redactou un proxecto, senón un anteprojecto, a instancias da Xunta de Galicia, pero o proxecto foi redactado na época do bipartito actual



A **Sra. Gonzalez-Haba Pérez** dixo, en primeiro lugar, que a expresión correcta era anteproxecto e non antiproxecto, como dixo o anterior interveniente e o anteproxecto encargouse co tripartito, podéndose ter realizado perfectamente esta obra co goberno anterior, sen o regalo da alcaldía que fixo o Sr. Gonzalo Pita.

O **Sr. Fernández Piñeiro** sinalou que o tripartito encargou o anteproxecto, pero as obras fanse con diñeiro e, dificilmente, podía o Concello de Sanxenxo achegar os 780.000 euros que lle correspondían, sen a aprobación dos presupostos, engadindo que non cría que se fosen a aprobar no goberno tripartito.

O **Sr. Presidente** tomou a palabra para explicar que non se podía transmitir con son esta sesión, dado que o sistema non funciona, lembrando que recentemente houbo unha tormenta con electricidade que lle afectou.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, aludiu a que lle parecía non ter vergoña ler mensaxes privadas, algo ao que non se ía a rebaixar, deixando constancia que, no seu día, a forma de opción política que tomou o Sr. Gonzalo Pita avergoñouna políticamente, pero hoxe a vergoña é persoal, o que é moito peor.

O **Sr. Agís Balboa** aludiu a que caían os gobernos e, tamén, caía o sistema para retransmitir ás sesións, non estando a favor de sacar á luz as mensaxes por whatsapp, xa que as redes sociais son perigosas, lamentando que nesta sesión non funcione o equipo de transmisión e que na anterior cortásense as intervencións dos concelleiros, o que parecía difícil que pasase por azar, rematando a súa intervención para reiterar que non se debían facer públicas as mensaxes por whatsapp.

A **Sra. González-Haba Pérez** lembrou que no goberno anterior, o Sr. Gonzalo Pita era o alcalde e que puido pasar á historia como o alcalde do cambio en Sanxenxo e non o fixo, engadindo que cala respecto dos cualificativos que lle merece a intervención do Sr. Gonzalo Pita, porque ten mais vergoña que o indicado concelleiro.

O **Sr. Otero Domínguez** reprochoulle ao Sr. Presidente que se lesen cousas alleas á orde do día e o **Sr. Presidente** especificou que, non estando de acordo coa lectura da mensaxe, tivo que aguantar moitas barbaridades do goberno anterior, polo que non admite leccións. O **Sr. Otero Domínguez** proseguiu indicando que parecía evidente que a intervención do Sr. Gonzalo Pita estaba preparada con antelación. Polo que respecta ao asunto da orde do día, indicou que a aportación do concello se se podía obter, aínda que fose co orzamento prorrogado, especificando que primeiro houbo que chegar a unha boa situación económica no ano 2016, engadindo que ían absterse neste punto, que revela falta de coordinación entre a Xunta de Galicia e o concello e que, asuntos que tiñan que efectuarse en 2018, fanse en 2019, ano electoral.

O **Sr. Fernández Piñeiro** precisou que xa está adxudicada a obra e comezando os traballos previos.



O **Sr. Presidente** matizou que o convenio e a addenda contaban coa fiscalización favorable da intervención da Xunta de Galicia e do Concello, polo que reprochaba as críticas feitas ao respecto polo Sr. Otero Domínguez e, sobre o dito pola Sra. González-Haba Pérez, manifestou que cando chegaron ao goberno, de proxectos existentes en medio ambiente da época anterior, cero, en cambio, agora, á parte desta obra, o Colexio de Vilalonga será unha realidade e o Centro Cultural de Vilalonga xa está anunciada a súa licitación, con diñeiro propio, porque a Deputación Provincial de Pontevedra denegou a solicitude de subvención para esta actuación.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou que o anterior interveniente acusaba á oposición de ir contra os técnicos, en cambio el ía en contra dos técnicos da Deputación Provincial, pola denegación dunha subvención realizada en réxime de concorrencia competitiva.

O **Sr. Presidente** aludiu a que nos dous anos de goberno anterior non se aprobou un só presuposto polo pleno e o goberno actual leva aprobado tres en ano e medio.

A **Sra. Fernández Agraso** reiterou a súa disconformidade pola alusión que o Sr. Presidente facía ás críticas aos técnicos, cando el poñía en dúbida o que realizaban os técnicos da Deputación Provincial, non os políticos, cando se denegaban subvencións por concorrencia competitiva, engandindo que o actual presuposto é unha copia do anterior, ao non executar aquel.

O **Sr. Presidente** especificou que a denegación da subvención da Deputación foi un tema político e está no contencioso.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 4 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita).

En consecuencia, e por **maioría absoluta dos membros de dereiro da corporación**, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

“-Aprobar a Addenda nº 1 ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SANXENXO, PARA A “URBANIZACIÓN DA RÚA PROGRESO (PO-308)” en Sanxenxo, pola que se modifica a cláusula 4ª referente ao compromiso da Xunta de Galicia referente á financiación, que quedará como a continuación se indica:

-Ano 2018: 35.000 euros.

-Ano 2019: 1.769.174,85 euros.

-Total: 1.804.174,85 euros.”-----



B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 31 DE OUTUBRO DE 2018 DE NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL. Polo Sr. Secretario dáse conta da resolución da alcaldía que a continuación se transcribe literalmente:

“ASUNTO: NOMEAMENTO PERSOAL EVENTUAL

ANTECEDENTES:

Vistos os acordos adoptados polo pleno desta corporación con ocasión da sesión organizativa, posterior á constitutiva, en relación ao número e retribucións de postos de persoal eventual.

Tendo en conta que unha das persoas nomeadas para o exercicio de funcións de persoal eventual sofre unha baixa por enfermidade de longa duración, sendo que as contingencias derivadas as cubre o réxime xeral da seguridade social.

Tendo en conta a necesidade da alcaldía de provisión do posto de traballo mencionado en tanto dure esa situación de baixa por enfermidade anteriormente exposta.

En base ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, respecto do persoal eventual e demais disposicións concordantes, é en virtude do que resolvo o seguinte:

PRIMEIRO: Nomear para o posto de persoal eventual, adscrito á xefatura de gabinete, á señora Carolina Domínguez Troncoso, con DNI 35.478.093-H, que actualmente traballa na Excm. Deputación de Pontevedra, onde exerce o posto de administrativa.

SEGUNDO: A nomeada terá as retribucións aprobadas polo pleno da corporación na xa mencionada sesión organizativa, posterior á constitutiva.

TERCEIRO: A presente resolución terá efectividade a partir do 15 de novembro de 2018.

CUARTO: O nomeamento será revogado, en todo caso, en canto se reintegre ó posto de traballo a persoa que está en situación de baixa por enfermidade, sen prexuízo da aplicación do réxime ordinario de persoal eventual.

QUINTO: A presente resolución debe ser notificada á interesada, a efectos de aceptación, e á administración onde presta servizo á fin de que tramiten a situación pertinente, ben sexa excedencia voluntaria ou situación administrativa de servizos especiais, que lle garanta o reintegro ao seu posto de traballo orixinario, no momento que se produza a revogación do nomeamento anteriormente mencionado.

Suxéitese a fiscalización o resolto nesta resolución aos servizos de intervención deste concello.”

A Corporación deuse por enterada.-----

8º)POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 02/11/18 (R. DE ENTRADA NÚM. 11.371) POLO QUE SE INDICA QUE CON DATA 31/07/18 PROCEDEUSE A COMUNICAR AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE



PAGO A PROVEDORES. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor** do 2 de novembro de 2018, rexistrado de entrada co número 11.371, que a continuación se transcribe literalmente:

“De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 31.10.18, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, cuxo xustificante se achega.

Lémbrese a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciárase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financiera, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais eventuais. Sanxenxo, 02 de novembro de 2018.”

Adxunto a este escrito figuran 3 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 3, tendo o número 1 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 02/11/18 (R. D ENTRADA NÚM. 11.372) POLO QUE SE INDICA QUE CON ESA DATA SE REMITIU TELEMATICAMENTE A LIQUIDACIÓN DO ANO 2017 RELATIVO ÁS SOCIEDADES MERCANTÍS “NAUTA SANXENXO, S.L.”, “INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.” E “TURISMO DE SANXENXO, S.L.”. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor** do 2 de novembro de 2018, rexistrado de entrada co número 11.372, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto na orde HAP/2015/2012 de 1 de outubro, sobre a obriga de subministro de información, en desenvolvemento da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, remíttolle copia do xustificante do envío telemático correspondente á liquidación do ano 2017, con todos os documentos anexos, relativo ás sociedades mercantís Nauta Sanxenxo, S.L., Insula Sanxenxo, S.L. e Turismo de Sanxenxo, S.L. para a súa elevación perante o Pleno da Corporación. Sanxenxo, 02 de novembro de 2018.”

Adxunto a este escrito figuran 39 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 39, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 8, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 22, 27, 28, 29, 30, 31, 32 e 34 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----



10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 02/11/18 (R. DE ENTRADA NÚM. 11.373) MEDIANTE O QUE SE ACHEGA INFORME SOBRE EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 3º TRIMESTRE DE 2018. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor** do 2 de novembro de 2018, rexistrado de entrada co número 11.373, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao terceiro trimestre de 2018, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro. Sanxenxo, 02 de novembro de 2018.”

Adxunto a este escrito figuran 83 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 83, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 29, 30, 32, 34, 35, 37, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 52, 54, 55, 57, 59, 60, 62, 65, 68, 74, 75 e 79 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

11º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 02/11/18 (R. DE ENTRADA NÚM. 11.374) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON DATA DO 31/10/18 REMITIUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS A INFORMACIÓN A COMUNICAR PARA O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS CONTEMPLADAS NO ARTIGO 116 TER, DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DO RÉXIME LOCAL. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor** do 2 de novembro de 2018, rexistrado de entrada co número 11.374, que a continuación se transcribe literalmente:

“Con data 31.10.18 remitiuse ao Ministerio de facenda e administracións públicas, vía telemática, a información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas no artigo 116 ter, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, introducido pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, en relación co custe efectivo dos servizos referidos ao exercicio 2017. Sanxenxo, 2 de novembro de 2018.”

Adxunto a este escrito figuran 78 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 78, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 36, 36, 37, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 75, 76, 77 e 78 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

12º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 02/11/18 (R. DE ENTRADA NÚM. 11.375) MEDIANTE O QUE ACHEGA O INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2018. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor** do 31 de xullo de 2018, rexistrado de entrada co número 8.125, que a continuación se transcribe literalmente:



“De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 3º trimestre de 2018, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrese a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 2º trimestre de 2018 e o 3º trimestre de 2018 é a seguinte

2º trim 18	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	22,22	29,87	14,61	9,00	273,27
PMPP	50,73	29,00	4,42	0,00	188,56

3º trim 18	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	23,07	22,07	16,45	6,06	134,26
PMPP	0,00	22,91	3,92	1,00	0,00

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2.El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.



4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia. Sanxenxo, 02 de novembro de 2018.”



CONCELLO DE SANXENXO:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2018
CONCELLO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	16,54		33,00	11.433,95	1,00	359,67
Art. 21	25,37		64,00	43.340,99	24,00	23.438,57
Art. 22	23,15		275,00	531.740,08	312,00	323.785,35
Art. 23	24,02		10,00	2.484,56	1,00	1.875,50
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	22,83		30,00	448.735,87	18,00	171.915,48
				1.037.735,45		521.374,57
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
CONCELLO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20						
Art. 21						
Art. 22						
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	210,82				4,00	73.459,70



						73.459,70
CONCELLO			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
						0,00

ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010		TRIMESTRE	3	AÑO	2018	
TERRA		Pagos realizados en el trimestre				
		Dentro período legal pago		Fuera período legal pago		
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	33,02		9,00	8.165,33	8,00	6.156,99
Art. 21	31,99		11,00	4.263,20	15,00	9.301,42
Art. 22	21,50		101,00	367.060,16	81,00	82.514,57
Art. 23	24,00		1,00	2.630,00		
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	14,89		21,00	5.348,61		
				387.467,30		97.972,98
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
TERRA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	



	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20						
Art. 21	18,89		3,00	1.555,28	3,00	607,74
Art. 22	22,99		14,00	66.960,24	8,00	46.415,49
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				68.515,52		47.023,23
TERRA			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
				0,00		

NAUTA SANXENXO, S.L.:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2018
NAUTA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	7,16		6,00	64.862,28		
Inmovilizado (2)	27,50		137,00	544.066,45	1,00	94,12
Sin desagregar						
Total				608.928,73		94,12
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						



Op. Comerciales						
Sin desagregar						
			0,00			0,00
NAUTA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	3,59		24,00	26.042,42		
Inmovilizado (2)	17,00		1,00	649,26		
Sin desagregar						
Total				26.691,68		0,00

INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010	TRIMESTRE	3	AÑO	2018
INSULA			Pagos realizados en el trimestre	
			Dentro período legal pago	
			Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total
			Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	6,06		3,00	256,72
Inmovilizado (2)				
Sin desagregar				
Total				256,72
				0,00
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período	
Gastos corrientes				
Inversiones				
Op. Comerciales				
Sin desagregar				
		0,00		0,00
INSULA			Pendiente de pago	
			Dentro período legal pago	
			Fuera período legal pago	



	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	1,00		1,00	81,95		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				81,95		0,00

TURISMO DE SANXENXO, S.L.:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2018
TURISMO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	134,26		5,00	5.113,21	4,00	8.814,72
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				5.113,21		8.814,72
			Intereses demora pagados en el período			
	Nº pagos	Importe				
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
TURISMO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)						
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				0,00		0,00



Adxunto a este escrito figuran 15 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 15, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

13º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 02/11/18 (R. DE ENTRADA NÚM. 11.376)) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON DATA 31/10/18 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓSN PÚBLICAS O INFORME CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2018 DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor do 2 de novembro de 2018, rexistrado de entrada co número 11376, que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollerse ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.A orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor a facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste

3.O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao terceiro trimestre de 2018, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 31.10.18, elévese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previstos na normativa anteriormente citada. Sanxenxo, 2 de novembro de 2018”.

Adxunto a este escrito figuran 87 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 87, tendo os números 1, 2, 3, 4, 6, 7, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86 e 87 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

14º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 17 DE XULLO AO 28 DE SETEMBRO DE 2018 (DE RES. Nº 1481/18 Á Nº 1853/18). O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas desde o 17 de xullo de 2018



ao 28 de setembro de 2018, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA APROBAR OS PROXECTOS REDACTADOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS “ADECUACIÓN PARA EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL-CASA PRIORATO” E “ADECUACIÓN E EDIFICACIÓN E PARCELA CASA DON FERNANDO Á NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE PARA CASA DA XUVENTUDE” DENTRO DO PLAN CONCELLOS 2018/2019. A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“O pleno do concello en sesión celebrado o día 04 de abril de 2018 e dentro dos expedientes de solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra dentro do Plan Concellos 2018/2019, acordou aprobar os proxectos das obras que tiñan carácter plurianual, dentro dos que se encontraban os proxectos de “ADECUACIÓN PARA EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL-CASA PRIORATO” e “ADECUACIÓN E EDIFICACIÓN E PARCELA CASA DON FERNANDO Á NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE PARA CASA DA XUVENTUDE”.

Remitida a documentación á Deputación Provincial de Pontevedra, esta solicitou á modificación dos proxectos mediante a introdución de determinacións que se precisaban no seu contido segundo informe de técnicos provinciais.

En tempo e prazo procedeuse a modificar os proxectos, adaptándoos ás directrices esixidas polo organismo provincial e, dado que para proceder á incoación dos correspondentes expedientes de contratación das citadas obras, é necesario que figuren previamente aprobados os proxectos coas novas determinacións, é polo que propoño ao pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar o proxecto redactado polo arquitecto Mariano Vázquez Iglesias e asinado o 13 de novembro de 2018, para a execución da obra “ADECUACIÓN PARA EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL-CASA PRIORATO”, que substitúe ao aprobado anteriormente polo pleno da corporación municipal para esta obra o día 04 de abril de 2018.

SEGUNDO: aprobar o proxecto redactado polo arquitecto municipal Rafael Vázquez Abal, de data outubro de 2018, para a execución da obra “ADECUACIÓN E EDIFICACIÓN E PARCELA CASA DON FERNANDO Á NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE PARA CASA DA XUVENTUDE”, que substitúe ao aprobado anteriormente polo pleno da corporación municipal para esta obra o día 04 de abril de 2018.”

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.

A Sra. Deza Martínez explicou que se trataba de dous proxectos aprobados no seu día polo pleno polo seu carácter bianual e aos que era necesario incorporar modificacións esixidas pola Deputación Provincial, que non afectaban á estrutura dos mesmos e que tiñan que vir agora ao



pleno, porque foi este organismo o que os aprobou.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, anunciou a súa abstención, porque non viu a documentación e, polo tanto, non tiña argumentos para votar a favor ou en contra.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, logo de sinalar que votaría a favor da moción, indicou que o realmente importante era o que se ía a facer despois nas edificacións, posto que se leva gastado moito diñeiro, especialmente na casa de Don Fernando e parécelle triste que sempre estea pechada a edificación e o xardín, agardando que nun futuro deáselle utilidade, parecendo que como xa pediu o interveniente, ían instalar a oficina municipal de información xuvenil.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita**, preguntou se sabían canto se tiña investido na casa do Priorato, posto que parecía que se gastaron 130.000 euros na época da alcaldesa, Sra. González Bea, o tripartito gastou 20.000 euros e agora 185.000 euros.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que se trataba de mais de 20 correccións, entendendo que se debía a que as leis entran en vigor e a algúns técnicos externos cústalles un pouco poñerse ao día, engadindo que esta é a mesma Deputación Provincial que anteriormente se dixo que era tan inxusta, correspondendo as actuacións ao plan concellos, no que agora se sabe o que nos corresponde, polo que van apoiar esta moción, engadindo que con outras obras do plan concellos discrepaban, pero non con estas dúas.

A **Sra. Deza Martínez** especificou que se trataban de correccións técnicas, que non afectaban nin a planos nin a estrutura dos edificios, como consecuencia da nova lei.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 1 (Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos membros de dereiro da corporación**, o **Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: aprobar o proxecto redactado polo arquitecto Mariano Vázquez Iglesias e asinado o 13 de novembro de 2018, para a execución da obra **“ADECUACIÓN PARA EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL-CASA PRIORATO”**, que substitúe ao aprobado anteriormente polo pleno da corporación municipal para esta obra o día 04 de abril de 2018.



SEGUNDO: aprobar o proxecto redactado polo arquitecto municipal Rafael Vázquez Abal, de data outubro de 2018, para a execución da obra “**ADECUACIÓN E EDIFICACIÓN E PARCELA CASA DON FERNANDO Á NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE PARA CASA DA XUVENTUDE**”, que substitúe ao aprobado anteriormente polo pleno da corporación municipal para esta obra o día 04 de abril de 2018.”-----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO MINISTERIO DE FOMENTO PARA QUE VILAGARCÍA DE AROUSA CONTE CUNHA PARADA PROPIA DO AVE (R. DE ENTRADA NÚM. 2018012435). A Sra. Deza Martinez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“COMPROMISO DE QUE VILAGARCÍA CONTE CUNHA PARADA DO AVE

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de novembro de 2018 a seguinte

MOCIÓN

"Compromiso de que Vilagarcía conte cunha parada do AVE"

EXPOÑEN

Que Vilagarcía ten a entidade indiscutible dentro da provincia de Pontevedra e da Comunidade Autónoma de Galicia como para que esta cidade sexa incluída no mapa de paradas do tren de alta velocidade AVE.

Que os habitantes da comarca do Salnés (que superan a barreira dos 100.000) merecen estar conectados con Madrid e que Vilagarcía ten que ser a súa parada de referencia.

Que, sen dúbida, a disposición xeográfica das cidades galegas, entre as que se atopa Vilagarcía, evidencian que o trazado idóneo para este servizo é o eixo do Atlántico e non outras variantes polo interior como se barallaba e se defendía desde Vigo.

Vilagarcía sairá beneficiada ou perxudicada da decisión do Goberno Central para incluír ou non a esta cidade, a terceira da provincia en importancia, nas paradas do AVE. Esta decisión marcará sen dúbida o futuro desenvolvemento da comarca, funcionará como polo de atracción de turistas, fomentará o transporte dos nosos veciños e permitirá que viaxeiros doutras zonas visiten o Salnés, sempre e cando a decisión sexa a favor desta parada.

As últimas informacións e posicionamentos dos máximos dirixentes do Ministerio de Fomento alertan de que a aposta política pode pasar por deixar a Vilagarcía fóra deste mapa de paradas, o que se traduciría nunha perda de peso específico a nivel provincial e autonómico en un freo evidente ó futuro crecemento da comarca.

Non hai ningunha dúbida de que este é o momento clave para defender, desde diferentes estamentos e organismos, que Vilagarcía sexa incluída na rede de paradas do AVE, sobre todo cando xa existían compromisos anteriores dos dirixentes ministeriais de que esta cidade tiña que ter un ha importancia destacada á hora de fixar estas paradas.

O anuncio dos prazos para as obras dos tramos Zamora-Pedralba de la Pradería e Pedralba de la Pradería-Taboadela, e os tempos previstos para os traxectos nas cidades de Ourense, Santiago, Pontevedra, Vigo, A Coruña, Ferrol e Lugo evidencian que Vilagarcía quedará illada dos plans



CONCELLO DE
SANXENXO

Rúa Madrid, nº 1
36960 Sanxenxo
Pontevedra

Tif. 986 720075
Fax 986 721022

do Goberno Central.

Desde a Mancomunidade do Salnés xa se deu un primeiro paso, despois do debate deste asunto, para reclamar ó Ministerio de Fomento que esta cidade conte cunha parada específica, recabando o apoio unánime dos alcaldes da comarca.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Sanxenxo

SOLICITA

Instar ó Ministerio de Fomento para que Vilagarcía conte cunha parada propia do AVE.

Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ó Ministerio de Fomento.”

A **Sra. Deza Martínez** explicou que houbo un erro de impresión do papel, xa que figuraba o Concello de Sanxenxo e, cando quixo cambialo, xa estaba enviado.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. Deza Martínez** defendeu a moción, porque unha parada do AVE en Vilagarcía permitiría maior facilidade para que os viaxeiros achegásemos a Sanxenxo e tamén para os nosos veciños, sendo beneficioso para este concello.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, non sabía se este asunto era urxente e, como quería consensualo co seu grupo, é polo que ía absterse.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que o tren puido vir a Sanxenxo no século XIX e aínda está por ver que o AVE chegue a Galicia, algo do que se fala desde fai moito tempo, engadindo que aínda que ía votar a favor da moción, tecnicamente este tren necesita unha distancia para aceleración e desaceleración, non sabendo se por iso sería posible a parada en Vilagarcía de Arousa, engadindo por último, que entendía mais urxente que se desdobrase a estrada de Sanxenxo á Lanzada.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita**, anunciou o voto a favor da moción, volvendo celebrar que a Mancomunidade do Salnés sirva para algo mais que para viaxar e precisando que agardaba que o PP trouxese algo para mellorar as comunicacións de Sanxenxo con Pontevedra, Vilagarcía e, particularmente, Santiago.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, preguntou cando se tomou este acordo na Mancomunidade do Salnés. A **Sra. Deza Martínez** dixo que non o lembraba e o **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, especificou que aínda non foi a ese organismo. O **Sr. Otero Domínguez** proseguíu a súa intervención, indicando que esta moción chegaba tarde e o Ministerio de Fomento non nos podía tomar en serio, engadindo que para conseguir infraestruturas deste nivel hai que ter peso político e tomar decisións políticas, non contribuír a cerimonia de confusión, aínda que entendía que Vilagarcía debería ser unha das cidades de referencia do AVE, pero isto xa debía estar no mapa desta infraestrutura. O concelleiro interviniente rematou sinalando que



non lle parecía serio que se presentasen estas mocións en función das ocorrencias dos alcaldes, e de quen goberna en Madrid, preguntándose porque esta moción non se presentou co anterior goberno do estado.

O **Sr. Gonzalo Pita**, díxolle á Sra. González-Haba Pérez, polo que comentou respecto das viaxes na Mancomunidade do Salnés, as competencias que esta exerce, como a de bacheos dos camiños, grúa contra as avisipas velutinas, servizos de recollida de lixo, abastecemento de auga e promoción turística, sendo hora de que a concelleira citada coñeza as competencias da Mancomunidade do Salnés.

A **Sra. González-Haba Pérez** díxolle ao anterior interveniente que non se dirixa a ela, só por whatsapp e o **Sr. Gonzalo Pita** sinalou que se dirixía ao público en xeral.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Mixto e Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 4 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

En consecuencia, e pola **maioría absoluta dos membros de dereiro da corporación, o Pleno da Corporación aprobou a moción nos termos antes transcritos.**-----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA IMPULSAR A CREACION DUN PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR NA COMARCA DO SALNÉS.

A **Sra. Freire Fernández, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Dona Silvia Freire Fernandez , concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular de Sanxenxo ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao pleno a seguinte **MOCIÓN** presentada pola asociación da Comarca do Salnés “**ESMAR, NON A VIOLENCIA**” con motivo da solicitude dun punto de encontro familiar na Comarca do Salnés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste momento en España e na comarca do Salnés a morte de cada muller a mans da súa parella ou ex-parella é un sinal de alarma social que avisa de maneira intermitente de que hai que seguir reforzando e mellorando a resposta fronte á violencia machista.

Para facer mais sinxelo e accesible o servizo de PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR para vítimas de violencia de xénero dentro da comarca do Salnés faise necesaria a creación deste imprescindible servizo a nivel comarcal.

As vítimas de violencia de xénero do Salnés non posúen dito servizo na Comarca. Para poder empregar dito servizo, que consegue manter a seguridade das vítimas e fillas e fillos de vítimas de violencia de



xénero, as mulleres do Salnés deben desprazarse ata a cidade de Pontevedra, onde se atopa o punto mais próximo.

Os puntos de encontro familiar son un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise. Procuran a seguridade e o benestar das e dos menores, favorecen a relación coas súas familias e facilitan o cumprimento do réxime de visitas.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social de carácter neutral, especializados para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, e que teñen por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias, cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro de interrupción da convivencia familiar o exercicio do dereito de visita se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte conflitivo ou difícil.

A intervención dos puntos de encontro familiar teñen un carácter temporal e desenvólvense con profesionais nun lugar neutral e teñen como obxectivo principal a normalización da situación conflitiva.

OBXECTIVOS:

- Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das fillas e dos fillos, mantendo a relación con ambas as dúas persoas proxenitoras despois da separación, establecendo os vínculos necesarios para o seu bo desenvolvemento psíquico, afectivo e emocional.
- Facilitar o encontro das fillas e fillos coa persoa proxenitora non custodia e, de ser o caso, coa súa familia extensa
- Acadar a normalización das relacións familiares de xeito que o recurso chegue a resultar innecesario para a familia.
- Procurar a seguridade das e dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situación de violencia.
- Favorecer e potenciar nas fillas e fillos unha boa relación coas súas persoas proxenitoras, co contorno da persoa proxenitora non custodia e coa súa familia extensa.
- Potenciar que as fillas e fillos expresen con liberdade e sen medo os seus sentimentos e necesidades fronte a ambas as dúas persoas proxenitoras.
- Facilitar orientación profesional para mellorar as relacións materno/paterno-filiais e as habilidades parentais de crianza.
- Informar e derivar as persoas interesadas aos servizos especializados encargados da protección e da asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero nos termos establecidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Dispoñer de información fidedigna sobre as actitudes e aptitudes parentais que axuden a defender, se for necesario, os dereitos das e dos menores noutras instancias administrativas ou xudiciais.

As intervencións nestes centros con respecto a execución do réxime de visitas son:



- Entregas e recollidas das e dos menores: consisten na intervención das e dos profesionais nos momentos en que os familiares acoden ao servizo para entregar ou recoller a ou o menor no desenvolvemento do réxime de visitas. Nestes casos, o punto de encontro familiar actúa como intermediario e supervisor desa entregas e recollidas.
- Visitas tuteladas: son aquelas que se desenvolven de forma controlada baixo supervisión e presenza continuada dunha ou dun profesional do equipo técnico do servizo por un tempo máximo de dúas horas
- Visitas supervisadas: son aquelas que se desenvolven no punto de encontro familiar, por un tempo máximo de dúas horas, sen presenza continuada do equipo técnico, especialmente en casos nos que a persoa proxenitora que ten o dereito de visita careza de vivenda na localidade.

Ademais lévanse a cabo outras intervencións complementarias ao réxime de visitas:

- Deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e as e os menores que teña como obxecto final acadar a normalización das relacións familiares.
- Orientación e apoio familiar proporcionando información, atención e asesoramento ás persoas proxenitoras a ás e os menores propiciando o desenvolvemento de relacións materno/paterno-filiais axeitadas e a creación de relacións familiares óptimas e de actitudes positivas.
- Intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras. O equipo técnico poderá, se o considera axeitado e conta coa vontade das partes, intervir aplicando técnicas mediadoras para conseguir acordos que permitan adecuar o réxime de visitas establecido pola autoridade á realidade familiar, así como para favorecer o exercicio da coparentalidade.
- Intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar e preparar as persoas proxenitoras e as súas fillas e fillos para que as relación entre eles se cheguen a realizar de forma normalizada e coas maiores garantías posibles.
- Rexistro e documentación das actividades realizadas.

Por todo iso, e porque a tolerancia cero coa violencia contra as mulleres debe ser un valor da sociedade no seu conxunto e, para poder ser eficaz, levarse a cabo tamén desde a administración mas próxima á cidadanía, O Grupo Municipal do Partido Popular, en nome da Asociación ESMAR, Non á Violencia, presenta esta moción para a súa consideración e aprobación polo Pleno e adopción do seguinte ACORDO:

1. Impulsar dende o Concello as medidas necesarias para solicitar á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Secretaria Xeral da Igualdade e á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a creación dun punto de encontro familiar na Comarca do Salnés.”

A **Sra. Freire Fernández** indicou que a moción recollía a petición da asociación “ESMAR”, que estaba realizando un gran labor, non modificándose mais que o acordo, no sentido de incluír a Consellería de Política Social, que se cita na parte dispositiva.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por**



unanimidade.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, dixo que esta moción lle parece urxente, como todo o que persiga facilitar a vida das persoas que estean nesta situación, polo que apoiará a moción.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, mostrouse totalmente de acordo coa moción, engadindo que ía apoiar todo o que sexa mellorar o asesoramento e a normalización, na medida do posible, das mulleres e nenos afectados.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita**, anunciou o seu voto a favor, pola necesidade das mulleres e nenos que sofren a violencia de xénero.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que votarían a favor dunha demanda existente desde facía tempo, matizando que para o Concello de Sanxenxo non sería tan operativo o punto de encontro no Salnés como en Pontevedra, por razóns de transporte público, debéndose deixar aos usuarios a opción de elixir.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, aludiu a que a Mancomunidade do Salnés tiña tamén un obradoiro de hostalería e, nun asunto como este, tamén un centro de información á muller.

A **Sra. Freire Fernández** aludiu a que este tema preocupa no CIM e fálase moito del na Mesa Contra a Violencia de Xénero, sendo moi importante o seu establecemento, o que é mais posible a través da Mancomunidade do Salnés, que en base a peticións individuais dos concellos.

A **Sra. Rodríguez Búa**, aínda que encontrando positiva a matización do BNG, precisou que o importante era a existencia do punto de encontro, xa que, como mínimo, serviría para desconxestionar o de Pontevedra.

A **Sra. Fernández Agraso** indicoulle á Sra. Freire Fernández que fale con propiedade, no sentido de que a Mancomunidade do Salnes non ten nada que ver, sendo un tema dos concellos do Salnés.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a moción a votación que foi aprobado por unanimidade, nos termos antes transcritos.**-----

ROGOS.

1º) O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, solicitou que para o vindeiro pleno xa funcionen as cámaras e os micros, non como nestas dúas últimas sesións.

2º) O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, pediu que non se repitan asuntos en comisións e en plenos, o que ultimamente está a pasar.

3º) A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita**, rogou que se colgue na páxina web do concello os planos definitivos da obra da Panadeira, manifestando que facía pouco tempo atendeunos amablemente o encargado da obra, que era do SAL, e comentoulles que había unha



serie de melloras, polo que solicita que se de publicidade ao proxecto definitivo.

PREGUNTAS.

1º) A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, indicou que no goberno anterior comezouse un proxecto para instalar marquesiñas nas paradas de autobuses do concello, preguntando cando se ían a colocar. A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, contestou que ela non viu un proxecto procedente do goberno anterior e se un informe da Policía Local respecto das deficiencias nas que se atopaban, agora se fixo o proxecto e, a través do plan concellos, van ir 14 este ano e 12 o seguinte, realizándose unha priorización a través das ANPAS, estándose a redactar o prego para a contratación. A **Sra. Rodríguez Búa** preguntou sobre as marquesiñas que ían ir este ano e a **Sra. Lago Martínez** contestou que, sobre todo, as que ían ao longo da estrada xeral, procedendo a dar conta dalgunhas, se ben non se lembraba neste momento de todas, podéndolle facilitar a información á inquirente posteriormente.

2º) A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, sinalou que na zona de Arra, á beira do panel informativo, hai unha iluminación que non funciona, preguntando cando se vai a conectar, contestando o **Sr. Presidente** que se deron instrucións para que se faga esta conexión.

3º) A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, sinalou que xa no anterior goberno se realizaron xestións para a adquisición da Praza de Vilalonga, preguntando que se fixo, contestando o **Sr. Presidente** que é un tema delicado, que está pendente de conciliación xudicial, pero non podendo dicir cando se ía resolver, agardando que fose en decembro ou xaneiro.

4º) O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, preguntou cando se ía instalar o sentido único na rúa do Río en Portonovo, xa que no seu día díxoselle que non se ía a facer en verán, pero agora xa acabou, preguntando por que non se leva a cabo. O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, contestou que estaba pendente de facer un proxecto integral, para o que buscaban un convenio coa Deputación e o **Sr. Agís Balboa** matizou, respecto do contestado, que unha cousa non tiña que ver coa outra, podéndose implantar o sentido único, independentemente da reforma integral.

5º) O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, respecto da restauración dos muiños en Dorrón e Fabaiños, preguntou en que punto se encontraban e se xa conseguiron a sinatura das cesións dos terreos, respondendo o **Sr. Deza Martínez, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, que se segue traballando nese sentido, estando un pouco mais avanzado en Dorrón.

6º) O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, preguntou respecto do polígono, se se moviu algo e se hai algunha empresa interesada en instalarse alí, contestando o **Sr. Presidente** que hai empresas que están interesadas, pero non podía dicir o seu nome e, outras que xa tiñan licenza, recibiron comunicación do concello da recepción da urbanización.

7º) O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, respecto do edificio da Telleira, que está medio abandonado, preguntou se se ía facer algo, contestando o **Sr. Presidente** que cando exista algo se lle contestará.



8º) A **Sra. González Haba Pérez, concelleira non adscrita**, preguntou ao **Sr. Deza Martínez** cuantos árbores autóctonas van ir na Panadeira, contestando o **Sr. Presidente** que primeiro hai que saber cantas especies autóctonas pódense plantar alí e que hai 39 árbores mais dos que había, preguntándolle a súa vez á inquirinte cuantos árbores autóctonas existían na Panadeira antes, engadindo que, se os que se coloquen poden ser autóctonas, perfecto. A **Sra. Gonzalez Haba** sinalou que anteriormente non existía ningunha árbore autóctona e que, sobre isto, podía consultar á Estación Fitopatolóxica do Areeiro, ao que o **Sr. Presidente** dixo que xa se fixo.

9º) A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita**, logo de felicitar á **Sra. Freire Fernández**, polo último acto no día contra a violencia de xénero e pola presenza de moitos mozos no mesmo, preguntoulle á citada concelleira que lle parecía cando o presidente da Mancomunidade do Salnes referíase a unha muller, concretamente á presidenta da Deputación de Pontevedra, como “chacha para todo”. A **Sra. Freire Fernandez** agradeceu a felicitación da inquirinte e indicou que non estaba de acordo coas declaracións citadas e con eses adxectivos dirixidos a unha muller, precisando neste momento o **Sr. Presidente** que xa condenou publicamente esa declaración.

10º) A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, preguntoulle á **Sra. Freire Fernández** que opinaba das declaracións de D. Pablo Casado respecto da volta á lei do aborto de 1985, sobre a que o **Sr. Alcalde** votou no Congreso en contra da retirada do proxecto, contestando a **Sra. Freire Fernández** que o Sr. Casado non a representaba cando fixo as declaracións citadas, referentes a familia e a vida. O **Sr. Presidente** precisou que sempre vota en conciencia o que debe votar e que no Congreso ningún deputado desmárcase do que di o partido, sexa este cal sexa.

11º) O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludindo a que no seu día se indicou que se ía traer unha modificación puntual respecto do inventario de camiños, preguntou se ían facer a referida modificación antes de finalizar esta lexislatura, contestando a **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, que nunca dixo que se ía a facer unha modificación puntual, senón que o inventario de camiños, por se só, non servía para que as parcelas alcanzaran a condición de solares, necesitando unha modificación puntual para evitar situacións alegais, engadindo que era necesario rectificar o inventario de camiños para realizar algunhas correccións, tanto de inclusión como de exclusión.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e trinta e seis minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**: